

125 MEDIDAS PARA
A CORUÑA
que AVANZA

PROGRAMA DE GOBERNO
2023-2027

Inés Rey

ECONOMÍA, PLANIFICACIÓN URBANA E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

1. Impulsar o **Plan Estratégico A Coruña 2025-2050**, unha estratexia Económica para os próximos 25 anos con participación da sociedade civil.
2. Impulsar a **Cidade das TIC** na antiga fábrica de Armas como o polo empresarial Tecnolóxico de Galicia.
3. Implantación da **Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial** na cidade.
4. Favorecer a economía do coñecemento a través da creación do **Foro de Economía da Coruña** establecendo sinerxias cos centros de investigación e o tecido empresarial da contorna.
5. Programa de **Alfabetización Dixital** para maiores de 55 anos.
6. Consolidación da cidade como polo de atracción tecnolóxica coa celebración da **Mobile Week** como evento que concentre a aposta polas TIC e a intelixencia artificial na cidade e a consolidación da Coruña como sede permanente de Ecosystems2030.
7. **Transformación Dixital** de todos os servizos municipais e nova sede electrónica para facer máis accesible e cómodos os trámites do cidadán a través de internet, mantendo e mellorando a atención presencial para aqueles que non empreguen as novas tecnoloxías.
8. Ampliar a **App Coruña** con máis prestacións e desde a que os cidadáns poderán realizar todos os seus trámites coa administración ademais de facilitar información cidadá e a interlocución directa co Concello.
9. Creación da **Oficina Municipal de Planificación e Proxectos** que coordine de xeito integral a planificación do espazo público, os equipamentos e as infraestruturas municipais.
10. **Programa de Internacionalización** e posicionamento das empresas da Coruña en mercados nacionais e internacionais a través de misións comerciais, conxuntamente coa Cámara de Comercio e as principais empresas da nosa cidade.
11. Impulsar o **Pacto polo Emprego** coa participación das empresas, os centros educativos e o Concello para favorecer a formación, capacitación e inserción laboral.
12. Afondar na implantación de **bonificacións fiscais** e incentivos que favorezan a creación de emprego para toda as empresas que se instalen na cidade.
13. Impulsar a **fiscalidade verde** con progresividade nas novas ordenanzas fiscais, favorecendo o emprendemento e as actividades económicas respectuosas co medio ambiente.
14. Potenciación de A Coruña como **Cidade da Moda** coa creación do Salón Internacional da Moda, como evento permanente de carácter anual.
15. Ampliación das axudas para favorecer o **emprendemento** a través dos espazos municipais de viveiros de empresas e creación dun novo co-working que funcione como incubadora de proxectos.
16. Aposta polo **comercio de proximidade** ampliando os programas de bonos que axuden a dinamizar a acción comercial e o consumo nos barrios.
17. **Reforma dos mercados de Monte Alto e Santa Lucía** e impulso da compra nos mercados tradicionais da nosa cidade con novas campañas que potencien a actividade dos Mercados Coruñeses e con novas accións vinculadas á difusión do produto local e de proximidade.
18. **Plan Municipal de enerxías renovables**, que favoreza a xeración de enerxías verdes con medios propios para reducir a pegada ambiental e o consumo enerxético.
19. **Plan de Transición Climática** da cidade da Coruña no contexto da axenda urbana.
20. Tras o dragado da ría do Burgo, recuperación do litoral para crear un gran **paseo que una Oza coa ponte da Pasaxe** potenciando e rehabilitando os elementos tradicionais.
21. Afondar nas **políticas medioambientais** seguindo a regra 3-30-300: que todos os cidadáns poidan ver polo menos 3 árbores desde a súa ventá, que o 30% do seu barrio teña cobertura vexetal, e contar cun parque a menos de 300 metros das súas vivendas.
22. **Mil árbores por ano**: manter a política de plantar cando menos mil árbores por ano na cidade, potenciando as variedades autóctonas.
23. **Plan de mellora da infraestrutura verde**: revitalización de Santa Margarida, San Diego, Parque Europa, parque de Oza, monte de San Pedro e ampliación de Bens.
24. Finalización da **Rolda Peonil** e **Plan de Humanizacións** con actuacións en tódolos barrios da cidade. Aumentaremos e melloraremos os nosos espazos peonís e de lecer, executaremos a humanización da rúa San Andrés con arboredo, zonas verdes e de estancia e conectaremos Coruña finalizando o proxecto da Rolda Peonil no seu tramo da Sagrada Familia e nos puntos de interconexión cos parques de San Diego e do Observatorio.
25. Redactaremos un **Plan Director para a Agra do Orzán** coa finalidade de mellorar a habitabilidade do barrio e dotalo de zonas verdes, entre elas o parque do Observatorio.

26. Impulsar máis corredores verdes que conecten os barrios planificando xa o **cinto verde** da cidade nos terreos do oleoducto .
 27. Desenvolver unha **política de xestión de residuos** máis eficiente coa nova licitación que permitirá a renovación de Nostián.
 28. **Potenciar o Plan de ruínas**, iniciando a poxa de novos solares e edificios abandonados coa finalidade de fomentar a rehabilitación e mellorar a calidade do parque edificado da cidade así coma a calidade urbana da Coruña.
 29. Fomentar as axudas dentro dos **Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada** do Barrio das Flores, Ventorrillo, Grupo María Pita e Cidade Vella e delimitar novos entornos de rehabilitación.
 30. Promover a **rehabilitación e a mellora da accesibilidade nos núcleos tradicionais da cidade**, culminando o proxecto executado en Bens e iniciando novas intervencións noutros núcleos tradicionais como Eirís de Abaixo, As Xubias ou A Silva.
 31. Apostar por un **transporte colectivo máis sostible e con mellor servizo** que inclúa aos novos barrios da cidade. Iniciaremos un proceso participativo con entidades, veciños e organismos e institucións da cidade coa finalidade de recoller as aportacións para o novo servizo de transporte colectivo da cidade. Apostaremos polos puntos de intercambio de transportes na praza de Pontevedra e na praza de Catro Camiños, así como na nova Intermodal.
 32. **Revisar as rutas e liñas do transporte** colectivo da cidade de cara ao novo servizo adecuando os vehículos as necesidades de cada percorrido e apostando en todo caso pola progresiva renovación da flota con criterios de sustentabilidade.
 33. Continuar coa **mellora da accesibilidade** das paradas do bus urbano coa finalidade de rematar no mandato coa totalidade das paradas de bus da cidade accesibles.
 34. Impulsar un servizo de **transporte de ría regular entre a cidade e Oleiros** coa finalidade de desincentivar o uso do automóbil e aliviar os accesos á cidade.
 35. Aumentar o número de **novas estacións de BiciCoruña** ata as 90 e duplicar o número de bicicletas da rede, apostando polos barrios que carecen de servizo na actualidade e polos principais equipamentos e zonas industriais.
 36. **Incrementar ata as 600 a flota de bicicletas eléctricas** e aumentar tanto o persoal do servizo coma os medios auxiliares para garantir a calidade da rede e a existencia de bicicletas en todas as estacións.
 37. **Plan Director da rede ciclista e de VMP da Coruña** estudando fundamentalmente a interconexión das vías ciclables existentes, así coma a súa mellora, e novos carrís bici/VMP que garantan o acceso aos polígonos industriais e aos barrios periféricos como Novo Mesoiro ou Palavea, garantindo tamén itinerarios seguros que conecten A Coruña cos concellos da súa contorna.
 38. **Centro de distribución urbana de mercadorías** na contorna da estación de autobuses, iniciando coa súa implantación o modelo de reparto de última milla na Coruña e impulsar a creación de pequenos puntos de reparto de mercadorías dentro dos aparcadoiros subterráneos da cidade así coma nos mercados municipais coa finalidade de fomentar o seu uso como unha alternativa de distribución para o comercio local.
 39. **Plan Director de Accesibilidade** tanto dos equipamentos públicos da cidade coma dos espazos públicos da mesma coa finalidade de garantir a accesibilidade total dos mesmos tanto a nivel físico coma cognitivo e sensorial.
 40. Continuar co **Plan de Parques infantís accesibles** en colaboración coa Fundación Abrente, aumentando os elementos inclusivos nos parques infantís da cidade e apostando por melloras de accesibilidade cognitiva e sensorial nos mesmos.
 41. **Mellorar e ampliar as áreas caninas** da cidade e adecuación da cala de Bens para mellorar a súa calidade e funcionalidade como praia canina.
-

PROTECCIÓN SOCIAL, SEGURIDADE E AXUDA ÁS FAMILIAS

42. Mellora e ampliación do **Servizo de Atención á Infancia e as ludotecas** (SAI-Canguros municipais). Ampliación aos fins de semana do servizo de canguros a domicilio.
43. Posta en marcha dun servizo de atención á infancia específico para familias nas que haxa un menor cunha enfermidade grave.
44. Apertura dun **piso de emerxencia de curta estancia** para situacións de violencia de xénero ou vulnerabilidade social, con preferencia de acceso para familias con menores.
45. Creación dun **servizo gratuíto de asesoría en materia de plans de igualdade**, conciliación e corresponsabilidade para empresas locais.
46. **Ampliación das actividades da Escola de Empoderamento** con especial atención ás destinadas ao reforzo e independencia emocional, loita contra o acoso sexual e aumento da autoestima persoal.
47. Posta en marcha e coordinación dunha **Rede de Mentoras** dirixida a fomentar as carreiras femininas no ámbito STEM.
48. Creación dun premio anual que galardoa a persoas ou institucións da cidade que destaquen na súa **loita pola igualdade**.
49. Reforzo de persoal para a atención xurídica e psicolóxica no **Centro de Información á Muller (CIM)**.
50. Reforzo de persoal especializado en educación infantil para a **Casa de Acolida Municipal (CAM)**.
51. **Incremento do número de puntos violeta** para cubrir os eventos de gran afluencia de persoas na cidade.
52. Ampliación das actividades de **sensibilización contra as violencias machistas**, tanto en campañas sinaladas (8M, 25N) como noutros momentos do ano. Deseño de campañas específicas de sensibilización contra o machismo dirixidas a varóns mozos e adolescentes.
53. Incremento das actividades de **sensibilización sobre igualdade e diversidade** nos centros escolares da cidade no marco do programa Coruña Educa.
54. **Reforzo das actividades do Espazo Diverso** e posta en marcha dun canal de asesoramento do dito servizo municipal sobre a realidade LGTBI+ dirixido aos centros escolares da cidade.
55. **Creación da plataforma Coruña Orgullosa** para agrupar toda a información, servizos, actividades e recursos municipais para a comunidade LGTBI+. Favorecer o desenvolvemento persoal, o reforzo emocional e a empregabilidade de persoas LGTBI+.
56. **Incrementar a colaboración cos colectivos LGTBI+** da cidade para a celebración de eventos, festivais e actividades de divulgación sobre igualdade e diversidade.
57. Potenciación dos servizos e actividades de **Coruña Acompaña**. Deseño de programas destinados a paliar a soidade non desexada tanto para persoas maiores como para a mocidade.
58. **Ampliación dos Equipos de Atención Social (EAS)**.
59. Apertura do **novo centro de Baixa Esixencia na antiga sede de Padre Rubinos**.
60. Creación dun **Equipo Municipal de Atención aos Menores**, que canalice todo o labor de detección, intervención e seguimento dos menores en risco.
61. Colaboración coas entidades de protección aos menores para fomentar os **programas de acollemento familiar**.
62. Posta en marcha dunha **Liña Telefónica de Atención ao Menor**, que sirva para detectar posibles problemas relacionados co acoso escolar, a inestabilidade emocional, posibles trastornos de saúde mental ou situacións derivadas de desestruturación familiar.
63. Reforzo da **colaboración cos centros escolares** para previr os trastornos de saúde mental na infancia e na adolescencia. Posta en marcha dun programa de atención temperá e apoio familiar para previr e detectar situacións de vulnerabilidade/risco en menores de 0 a 6 anos que presenten trastornos no seu desenvolvemento ou risco de padecelos.
64. **Ampliación do programa de BECAS USA** para facilitar que os mozos e mozas poidan aprender inglés e mellorar a súa formación.
65. Programa de alimentación saudable coa intención de fomentar os hábitos saudables nos fogares desde as EIM.
66. Construción de **novas escolas infantís en Monte Alto e en Xuxán**.
67. **Programa "PATIOS ABERTOS"** destinado a abrir aos mozos e nenos e nenas dos barrios os patios dos centros educativos da cidade en horario non lectivo co fin de fomentar o lecer, as actividades complementarias e hábitos saudables.
68. Mellora da **coordinación cos centros escolares** para previr e detectar situacións de violencia filioparental.
69. Incremento da colaboración coas entidades sociais para poñer en marcha novas **iniciativas de emprego para grupos de poboación vulnerables**.
70. Reforzo e **ampliación das actividades de Nocturnia** nos barrios.
71. Posta en marcha de **programas de fomento do asociacionismo e do voluntariado xuvenil**.

72. Reforzo do número de integrantes do **programa Axente Titor**.
73. Mellora do procedemento e aumento do investimento destinado aos **Orzamentos Participativos**.
74. **Apertura de TEUS** nos novos barrios da cidade.
75. Impulso as políticas de vivenda. Finalizar os **edificios de vivendas municipais da rúa Pontejos e do barrio de Xuxán**, incrementando o parque público de vivenda municipal, sumando 88 vivendas máis en terreos de Defensa e demandando a cesión de pisos por parte da Sareb para uso social.
76. Apertura dunha **convocatoria de vivenda municipal en aluguer para mozos e mozas** coa finalidade de facilitar que poidan continuar co seu proxecto vital na cidade.
77. Impulsar ao abeiro da nova Lei de Vivenda o establecemento dunha **percentaxe de vivenda protexida de alugueiro** na cidade dando resposta aos demandantes desta modalidade de vivenda na Coruña.
78. Posta en marcha de procedementos para **compra de solo para nova vivenda protexida** na cidade apostando despois por **modelos de cesión de uso** para a construción de vivenda pública así coma novos modelos de vivenda compartida.
79. Continuar traballando na Mesa das Vivendas de Uso Turístico da Coruña coa finalidade de **regular a vivenda turística na cidade** en colaboración con todas as asociacións implicadas na materia.
80. Xestionar o solo recollido no Plan Xeral para novos desenvolvementos para obter parcelas que permitan crear máis de **1.300 novas vivendas protexidas na Coruña** priorizando as vivendas en alugueiro.
81. **Adaptación do PEMU (Plan de Emerxencias Municipal)** ás novas necesidades da cidade.
82. **Plan de Seguridade Cidadá** incorporando novas tecnoloxías e continuar na liña reforzo de persoal da Policía Local.
83. **Reforzar os servizos públicos municipais** dotándoos de máis recursos humanos para incrementar calidade da atención á cidadanía. Tódolos rexistros municipais combinarán a cita previa cun espazo propio para atender a persoas que non teñan cita.
84. Potenciar os barrios facendo dos **Centros Cívicos Municipais** un espazo de Atención Cidadá, ademáis de ser espazos de actividades de ocio, lecer, participación, educación e cultura.
85. Elaboración da primeira **Carta de Servizos Municipais á cidadanía**.
86. **Ampliación dos servizos do 010**, incorporando conectividade coas plataformas municipais dixitais.

PROMOCIÓN DA CIDADE, PATRIMONIO, CULTURA, TURISMO E DEPORTE

87. Posta en marcha dun **Plan especial para a dixitalización e modernización da Rede de Museos Científicos**.
88. Posicionar A Coruña como o gran punto de referencia da **arte dixital e da Intelixencia artificial** (Intersección Arte, tecnoloxía e sociedade).
89. Creación da marca **Coruña Cultura** co fin de potenciar unha identidade de cidade profundamente ligada á cultura e aproveitar o potencial do turismo cultural non estacional. Estará recollida nun **Plan Estratéxico de cultura** como ferramenta fundamental de cohesión de políticas culturais, infraestruturas, estratexias e recursos do Concello.
90. Fomento da participación coa **consolidación do Consello Municipal de Cultura** involucrando a todos os sectores culturais nunha participación activa e estratéxica como motor da cidade. Fomentando encontros profesionais nos distintos sectores a nivel nacional / internacional na cidade.
91. Elaboración dun **plan de residencias artísticas e artistas en residencia** en espazos municipais, impulso e consolidación das bolsas de creación artística, deseño dun plan de intercambios culturais e convenios de colaboración con cidades europeas de referencia para exportar artistas locais (escénicos, plásticos, músicos, dixitais etc.) e crear sinerxias así como apostar pola creación do Mes das Artes.
92. Incremento e mellora dos **bonos Cultura** para favorecer o consumo cultural.
93. Elaboración dun **Plan Municipal de Bibliotecas** que estude a creación de novas bibliotecas en barrios como Novo Mesoiro e a creación dunha biblioteca central.

94. **Recuperación dos murais da Rúa Olmos**, conseguir a declaración BIC e crear en Fornos o Espazo Urbano Lugrís.
95. **Involucrar aos barrios en toda a realidade cultural da cidade:** utilizar todas as infraestruturas municipais para dinamizar os barrios fomentando a cultura de proximidade (teatro, música, artes plásticas, poesía, lecturas dramatizadas etc. Apoio a artistas da cidade non só para a estrea das súas obras ou traballos nalgúns dos principais teatros senón tamén para facilitar a itinerancia e as representacións polos barrios. Traballar no intercambio de accións metropolitanas e visibilizar o traballo de salas privadas.
96. **Impulso á Film Office** para fomentar as rodaxes na cidade. Atraer citas nacionais de referencia no ámbito das estreas de cinema e plataformas para fomentar encontros entre axentes, distribuidoras e xornalistas do audiovisual a nivel nacional na nosa cidade e devolverlle á Coruña a súa condición de cidade de cinema.
97. **Renovación de Viñetas Desde o Atlántico.** Da man do sector e dos creadores da cidade, traballarase para a apertura e incorporación de novas linguaxes e expresións nunha aposta contemporánea que atraia novo público.
98. Converter A Coruña no **epicentro da celebración das letras galegas** aproveitando a súa condición de cidade que le e cunha rede de bibliotecas de referencia a nivel nacional. Impulsar o traballo dos autores galegos, en especial os autores da cidade e atraer as miradas a nivel nacional á devandita celebración con accións en rúa e actividades diversas para chegar a todos os públicos.
99. **Grandes Citas Culturais.** A Coruña debe ser cidade de referencia en ideas e grandes proxectos. Para iso debe atraer á cidade citas culturais nacionais e internacionais que á vez atraían encontros e intercambios profesionais.
100. **Actualización dos organismos de xestión.** Novo impulso e reorientación do IMCE e dos Consorcios de Turismo e para a Promoción da Música, co fin de actualizar os recursos de xestión e adaptalos a unha fórmula máis operativa, acorde aos tempos e esixencias culturais da cidade, e así levar a cabo un proxecto cultural ambicioso.
101. **Rehabilitación dos bens de interese cultural das ruínas** de San Francisco, a Praza das Bárbaras e do Castelo de San Antón mellorando a súa accesibilidade e conservación. Apostaremos pola Rehabilitación da Casa de Sinagoga como centro de interpretación do Patrimonio Cultural da cidade vella da Coruña.
102. Recuperaremos a sinalética de Sargadelos nas rúas da cidade.
103. Promoción turística da cidade multimercado vinculada á **creación dunha base aérea internacional** con sede na Coruña que abarque mercados diferentes onde a oferta turística da Coruña poida ser competitiva.
104. **A Coruña Market Place.** Creación de central de reservas multiproducto para distribución e comercialización de produtos turísticos, paquetes turísticos locais, oferta cultural local, eventos locais, comercio local...
105. **Base Cruceiros A Coruña.** Promoción turística diferenciada con compañías que aposten pola creación dunha base de cruceiros na Coruña, dinamizando oferta comercial e turística local.
106. **Plan de Dinamización Turístico-Cultural e Paquetes Turísticos.** Deseño de plans específicos de dinamización turística anual para recursos como Plan Torre de Hércules e Cidade Vella ou roteiro Castro de Elviña, Museo Arqueolóxico, Torre de Hércules, como referentes patrimoniais e culturais da Coruña. Inclusión de novos paquetes turísticos para fomentar o turismo cultural vinculado ás inquietudes culturais e grandes eventos da cidade e potenciación de novos nichos turísticos.
107. **Musealización do ámbito da Batería de Costa do Monte de San Pedro** e inclusión no roteiro provincial de turismo das mesmas.
108. **Impulso da nosa tradición cultural.** O **Entroido Coruñés**, símbolo da nosa cidade, reforzando a súa promoción exterior e aumentando as actividades e a implicación social, con participación dos centros de ensino na programación dun evento esencial na nosa tradición cultural. **San Xoán**, transformaremos a noite de San Xoán nunha semana completa dedicada ao solsticio de verán, involucrando a amplos sectores da cidade: institutos, artistas, centros cívicos, comparsas, corais, grupos de teatro.
109. **Creación de Puntos de Interese Cultural.** Sinalización de todos os locais e espazos culturais da cidade cunha placa identificativa como aceno de identidade da cidade. Os seus nomes estarán na sinalización vertical da cidade e incluíranse nos mapas turísticos. Trátase dunha medida de recoñecemento e de identidade de cidade.
110. **Talento Cultural e Deportivo.** Deseño de axudas para a exportación de talento cultural e deportivo coruñés entendendo que tanto artistas como deportistas son embaixadores da cidade.

111. Acometer un **Plan de Reestruturación, Reforma e Mantemento das instalacións deportivas municipais**, atendendo á principal reclamación de entidades e clubs da nosa cidade.
112. **Ampliar a convocatoria de axudas aos deportistas** (bolsas) cunha partida destinada á subvención do acceso á actividade deportiva e a práctica do exercicio saudable a persoas de colectivos vulnerables en función da renda.
113. **Recuperar o proxecto de creación dunha nova cidade deportiva sostible na zona norte da Fábrica de Armas**, utilizando fontes de enerxía renovables para reducir o impacto ambiental. O seu custo poderase cofinanciar entre Concello, Deputación, Xunta e promotores privados.
114. **Recuperar o proxecto da Estación Náutica de Oza nos terreos municipais de As Xubias** para o fomento dos deportes náuticos como a vela, surf, windsurf, submarinismo, pesca submarina, remo, etc.
115. Propor á Universidade da Coruña un Convenio para asumir a **xestión integral tanto do estadio de atletismo de Elviña como do pavillón de Deportes**, actualmente infrautilizados.
116. Propor aos CEIP e IES da cidade, no marco do convenio subscrito entre FEGAMP e Xunta de Galicia, o **uso das instalacións deportivas dos centros educativos** durante o horario non lectivo, co fin de desconxestionar de forma rápida as instalacións deportivas municipais.
117. **Substituír o céspede do campo 1 da Cidade Deportiva Arsenio Iglesias** por outro compatible coa práctica do hóckey herba.
118. **Reformar e ampliar o campo de Golf municipal.**
119. **Construción dun campo de fútbol-8 en Virxe do Carmen.**
120. Desenvolver a candidatura da Coruña para acadar que a cidade sexa sede do Mundial.

GOBERNANZA E RELACIÓNS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

121. **Impulsaremos a Área Metropolitana da Coruña**, comezando por demandar a constitución dun Consorcio de Transportes que facilite a xestión da mobilidade no conxunto da bisbarra.
 122. Estableceremos un novo **convenio marco coa Universidade da Coruña**, como fixemos neste mandato 2019-2023, incrementando a cooperación e buscando maiores sinerxias entre as dúas institucións.
 123. Apostaremos por seguir utilizando os espazos portuarios para uso e disfrute dos coruñeses, despois do paso dado inicialmente neste mandato. Para iso seguiremos traballando co Goberno de España e coa Autoridade Portuaria co obxectivo de que **creación dun ente consorciado para o desenvolvemento da fachada marítima.**
 124. Favorecer o traslado da actividade completa de Repsol de San Diego a Langosteira, para a liberación dos terreos portuarios para uso público.
 125. Deseño e **apertura xeral á cidade dos peiraos interiores para uso exclusivamente público.**
-

A CORUÑA
que AVANZA

Inés Rey

